

Circular 23/2004	Data: 13/12/04
-------------------------	-----------------------

Asunto: Procedemento de tramitación perante a División de Recursos Humanos dos expedientes de exclusión de aspirantes a vinculacións temporais, por incumprimentos graves e moi graves, en aplicación do pacto sobre selección temporal.

Orixe: Dirección Xeral da División de Recursos Humanos do Sergas.

**Ámbito: Direccións Provinciais do Sergas
Xerencias de institucións sanitarias do Sergas**

O Pacto sobre selección temporal de persoal estatutario para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, asinado pola Administración Sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais (DOG N° 104, do 1 de xuño de 2004), é a norma reguladora do sistema de selección temporal de persoal estatutario no Sergas.

O citado pacto establece na súa Norma Xeral 11.1.2 que serán excluídos definitivamente das listaxes de vinculacións temporais os aspirantes que incorresen en incumprimentos graves, considerando incumprimentos graves as condutas cualificadas como graves ou moi graves na Lei 55/2003, Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde (BOE.N° 301, do 17 de decembro de 2003).

De conformidade coas atribucións conferidas a este centro directivo no Decreto 45/2002, do 9 de febreiro (DOG N° 37 do 20 de febreiro), polo que se establece a estrutura orgánica do Sergas, e na Orde de 14 de marzo de 2002 (DOG N° 66, do 5 de abril), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Sergas, logo de ter sido obxecto de negociación no seo da Comisión central de seguimento do Pacto sobre selección temporal, dítanse as seguintes

CIRCULAR 23/2004

INSTRUCCIÓN

PRIMEIRA: OBXECTO.

As presentes instruccións teñen por obxecto establecer un procedemento de tramitación ante a División de Recursos Humanos do Sergas dos expedientes de exclusión de aspirantes das listas de vinculacións temporais por incumprimentos graves e moi graves, en aplicación do Pacto sobre selección temporal para vinculacións temporais no Sergas, sen prexuízo da iniciación, no seu caso, do expediente disciplinario que proceda.

SEGUNDA: ÁMBITO.

O presente procedemento está dirixido ás direccións provinciais do Sergas e ás direccións xerencias das institucións sanitarias do Sergas.

TERCEIRA: PROCEDIMENTO.

3.1. Dilixencias previas ao inicio do expediente.

3.1.1. O responsable da institución sanitaria ou dirección provincial, cando teña coñecemento da presunta comisión por un aspirante a vinculacións temporais de feitos constitutivos de faltas graves e moi graves contempladas no Estatuto Marco, tanto derivados da súa calidade de aspirante inscrito nas listas como do desempeño concreto do posto de traballo, ordenará a apertura dun período de información previa para a determinación e comprobación deses feitos.

3.1.2. No caso de que a presunta infracción sexa cometida polo aspirante no desempeño do posto de traballo, o xerente da institución sanitaria ordenará a apertura de dilixencias previas, a proposta do responsable do departamento no que preste servizos o aspirante. Cando os feitos constitutivos da falta veñan derivados da súa calidade de aspirante inscrito nas listas, practicaranse as dilixencias previas por acordo do director provincial.

CIRCULAR 23/2004

3.1.3. Á vista da información obtida por medio das dilixencias previas practicadas, se das mesmas se deduce a procedencia de incoación de expediente de exclusión do aspirante das listas, poñerase en coñecemento do interesado para que presente alegacións.

3.1.4. Rematado o período de información previa, a institución sanitaria ou a dirección provincial, valorará a información obtida e elaborará un informe no que constará a descrición dos feitos, o resumo das actuacións practicadas e as conclusións acadadas con respecto á presunta comisión da infracción polo aspirante.

3.1.5. De acordo con estas conclusións, a institución sanitaria ou a dirección provincial, procederán ao arquivo das actuacións, ou ben elevarán á División de Recursos Humanos proposta de exclusión do aspirante das listaxes de vinculacións temporais, sempre que por razón do vínculo temporal suscrito non caiba a incoación de expediente disciplinario.

3.1.6. A proposta de exclusión remitirase, xunto co antedito informe e a documentación obrante no expediente debidamente numerada, á División de Recursos Humanos.

3.1.7. As dilixencias previas deberán iniciarse dentro do prazo dun mes dende que se tivo coñecemento dos feitos que motivaron as actuacións, e a proposta de exclusión, de ser o caso, será remitida á División de Recursos Humanos no prazo de dous meses dende a data da orde de iniciación de dilixencias previas.

3.2. Tramitación do expediente de exclusión.

3.2.1. Recibida a proposta de exclusión, a División de Recursos Humanos valorará a procedencia do inicio do expediente de exclusión e, no seu caso, a suspensión cautelar de chamamentos do aspirante.

3.2.2. O acordo de inicio do expediente e da suspensión cautelar de chamamentos poñerase en coñecemento da correspondente dirección provincial, que deberá cursar notificación ao interesado no prazo de dez días hábiles, contados a partir da data do acordo de iniciación do expediente.

3.2.3. A notificación do acordo de iniciación do expediente de exclusión ao interesado efectuarase consonte o disposto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ofrecendo un prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da data da recepción da notificación, para formular alegacións na súa defensa.

A notificación cursada, na que deberá constar a recepción da mesma polo interesado, incorporarase ao resto de documentación do expediente.

O interesado poderá examinar, directamente ou a través de representante debidamente acreditado, toda a documentación obrante no expediente e obter copias dos mesmos.

3.2.4. Completado o expediente coas alegacións formuladas polo interesado e, no seu caso, a práctica das comprobacións que se consideraran oportunas, a exclusión será vista en sesión da Comisión central de seguimento do pacto, que informará ao respecto. O informe favorable ou desfavorable dos membros da comisión farase constar no acta da correspondente sesión.

3.3. Resolución do expediente de exclusión.

3.3.1. Á vista da documentación recabada acreditativa da comisión da infracción polo aspirante e dos informes obrantes no expediente, a División de Recursos Humanos, en aplicación da Norma Xeral 11.2 do Pacto de selección temporal, di tará a oportuna resolución.

CIRCULAR 23/2004

3.3.2. Na resolución do expediente, a División de Recursos Humanos poderá acordar o arquivo das actuacións, no caso de sobreseemento do expediente, ou a exclusión do aspirante para chamamentos para vinculacións temporais en institucións do Sergas.

3.3.3. A exclusión do aspirante das listaxes de vinculacións temporais podería excepcionalmente estar referida a determinados ámbitos funcionais, de xestión ou temporais (Norma 11.2.3. do Pacto de selección temporal).

3.3.4. Así mesmo, consonte o previsto no citado pacto, poderían acordarse medidas adicionais de adaptación profesional, formación ou adestramento, cando así o aconsellen as circunstancias consideradas no caso.

3.3.5. A resolución será remitida á dirección provincial para a súa execución e aos efectos de notificación ao interesado no prazo de dez días hábiles dende a data na que se dictou a resolución, de acordo co disposto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992.

Santiago de Compostela, a 13 de decembro de 2004.

O DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS,

Asdo.- Ignacio Lema Piñeiro.

CIRCULAR 23/2004